

LISTAXE DE LIBROS RECOMENDADOS PARA O NADAL

1º e 2º de ESO




Manuel Martínez Barreiro, *Arca Maior*, Ed. Xerais.

Unha novela na que os animais do mar cobran protagonismo e deciden, en asemblea, montar unha revolución contra os homes que agreden a natureza e destrúen o seu espazo de vida.



Carlo Frabetti, *Malditas matemáticas*, Ed. Anaya.

Neste libro, a maior aventura para a protagonista, Alicia, e para todos os lectores, será descubrir que as matemáticas non só son útiles senón tamén divertidas.



Jordi Sierra i Fabra, *El asesinato del profesor de Matemáticas*, Ed. Anaya.

Este libro é un xogo, un divertimento: un profesor proponlles aos alumnos un xogo como exame para aprobar as matemáticas. O venres á tarde, o profesor morre, pero...



Pilar Lozano Carbayo, *Siete reporteros y un periódico*, SM. (A partir de 9 anos). Premio El Barco de Vapor 2005.

Alejandro quere facer un xornal e coloca un anuncio no colexio solicitando colaboradores. Seis compañeiros, algo peculiares, interésanse pola idea.




Anne-Lise Grobéty, *Tiempo de palabras en voz baja*, Anaya. (A partir de 12 anos). Premio Saint Exupéry 2001.

A vida do protagonista transcorre feliz na compañía de Óscar, o seu mellor amigo. A familia de Óscar é xudía. Todo cambia cando os nazis chegan ao poder.



Gerald Durrell, *Mi familia y otros animales*, Alianza Editorial. (1º ESO)

Relato autobiográfico da infancia do zoólogo Gerald Durrell na illa grega de Corfú, onde residiu durante uns anos coa súa excéntrica e divertida familia e mais "outros animais".



Isaac Asimov, *Viaje alucinante*, Nuevas Ediciones de Bolsillo. (2º ESO)

Un eminente científico está en coma a causa dun coágulo cerebral. Operalo significaría a súa morte e a perda dun descubrimento vital para a humanidade. Un grupo de sabios inxecta no torrente circulatorio do paciente unha nave miniaturizada tripulada por un grupo de médicos. Próxima parada: o cerebro.



Pedro Ángel López Minarro, *Mitos y falsas creencias en la práctica deportiva*, Ed. INDE.

Este libro ofrece unha nova visión sobre conceptos básicos como o flato, as maniotas, etc., que normalmente se dan por certos pero que constitúen un erro. Beber auga con sucre para evitar as maniotas, suar para adelgazar, nadar para corrixir desviacións da columna... son algunhas das falsas crenzas e prácticas erróneas. Neste libro estúdase o porqué de cada unha delas, as súas implicacións a nivel de saúde e as correccións para realizar as cousas dunha maneira efectiva e segura. Un libro de utilidade para toda a familia.



Andreas Schlüter, *Manxar do demo*, Galaxia.

Un grupo de rapazas e rapaces investigan un misterioso asasinato. Crime, misterio, intriga. Animais mortos no xardín dun laboratorio, as forzas máxicas do péndulo na predición do futuro, unha escura secta celebrando misas negras no cemiterio...

LISTAXE DE LIBROS RECOMENDADOS PARA O NADAL

3º e 4º de ESO



Pedro Ángel López Minarro, *Mitos y falsas creencias en la práctica deportiva*, Ed. INDE.

Este libro ofrece unha nova visión sobre conceptos básicos como o flato, as maniotas, etc., que normalmente se dan por certos pero que constitúen un erro. Beber auga con sucre para evitar as maniotas, suar para adelgazar, nadar para corrixir desviacións da columna... son algunhas das falsas crenzas e prácticas erróneas. Neste libro estúdase o porqué de cada unha delas, as súas implicacións a nivel de saúde e as correccións para realizar as cousas dunha maneira efectiva e segura. Un libro de utilidade para toda a familia.



Carlo Frabetti, *El gran juego*, Ed. Alfaguara.

Un día, buscando un compañeiro de xogo, Leo conecta mediante o seu ordenador cunha misteriosa personaxe que lle propón unha serie de estrañas adiviñas lóxicas e aparentemente intranscendentes pero cargadas de significado.



Hans Magnus Enzensberger, *El diablo de los números*, Ed. Siruela.

O autor preséntanos a Roberto, un asombrado neno que ao inicio do libro odia as matemáticas e, pouco a pouco, conforme transcurren os seus máxicos soños, aumenta a súa fascinación polos números, os símbolos e as súas combinacións que lle parecen cousa de maxia.



Fernando Marías, *Cielo abajo*, Anaya. Premio Anaya de Literatura Infantil e Xuvenil 2005.

Javier quere ser piloto, pero o futuro xa determinado parece afastalo do seu soño. Un intercambio de identidade con outra persoa permitiralle introducirse na aviación en 1936. A partir de agora o seu nome será Joaquín Dechén. Esta é a historia que comeza a ler o amigo de Enrique nun manuscrito, que chega ás súas mans, nunha casa en Madrid.



Marilar Aleixandre, *Rúa Carbón*. Ed. Xerais.

Unha novela que nos achega á complexa realidade do conflito armado en Euskadi, a través dunha moza de dezasete que descobre que o seu pai foi membro de ETA. Tratando de descubrir e comprender a figura dese pai morto, a rapaza aposta claramente pola necesidade da paz.




Xosé Fernández Ferreiro, *Agosto do 36*. Ed. Xerais.

A través da historia de Gregorio e Sara, a novela achéganos á dor da persecución e represión vividas durante a Guerra Civil.



Andreu Martín, *Los dueños del paraíso*, EDEBÉ. Premio EDEBÉ de Literatura Xuvenil 2005.

Dous estudantes deciden escribir unha novela xuvenil arredor do tema da colonización do Novo Mundo. O seu traballo será unha reflexión sobre a lenda negra e a figura de Bartolomé de las Casas.



F.A. Palacios; J.C. Fuertes; J. Cabrera, *¿Hay vida después de las drogas?*, Arán Ediciones. (3º e 4º ESO – Ciencias Medioambientais e da Saúde)

Que son as drogas? Cales son os seus efectos? Que diferenza hai entre drogas duras e brandas? Este sinxelo e ameno manual achéganos ao mundo das drogodependencias para que saibamos como recoñecelas, tratelas e loitar contra elas.




Marilar Aleixandre, *A expedición do Pacífico*. Ed. Xerais. (3º ESO – Diversificación)

Século XIX. Emilia, unha nena experta en insectos, embarca de polisón na goleta *Resolución*, que leva un variopinto grupo de naturalistas en misión científica polas costas de Sudamérica e o Amazonas.



Juan Luis Arsuaga, *Los aborígenes: la alimentación en la evolución humana*, RBA Libros. (4º ESO – Biología e Xeoloxía)

Hai máis de tres millóns de anos, a seca azouta a sabana africana. Non hai froita nin gromos tenros. Un grupo de australopitecos está a piques de morrer de fame e sede. Pero entón unha curiosa e espabilada adolescente descobre unha nova fonte de alimento: o tuétano dos ósos de herbívoros mortos. Este descubrimento será crucial na evolución da nosa especie.



Isaac Asimov, *Viaje alucinante*. Nuevas Ediciones de Bolsillo. (4º ESO – Diversificación)

Un eminente científico está en coma a causa dun coágulo cerebral. Operalo significaría a súa morte e a perda dun descubrimento vital para a humanidade. Un grupo de sabios inxecta no torrente circulatorio do paciente unha nave miniaturizada tripulada por un grupo de médicos. Próxima parada: o cerebro.




Arturo Pérez Reverte, *El capitán Alatríste*, Ed. Alfaguara.

É a primeira novela da serie de aventuras do capitán Alatríste. Nela o autor recrea a vida cotiá no Madrid do século XVII.



Olga Ruibal; Anna Serrano, *Respira unos minutos*, Ed. INDE (libro+DVD).

Neste libro pódense atopar pautas e exercicios sinxelos, que pode realizar calquera persoa durante uns minutos ao día e en calquera sitio para eliminar a tensión acumulada e axudar a calmar a mente. Ofrece a posibilidade de contrarrestar a forma de vida actual que fai que o sistema nervioso sempre estea excitado e non se lle dea descanso á mente.



Javier García Sánchez, *El Alpe d'Huez*, Ed. Planeta.


Esta novela é un alegato da épica humana, do sufrimento, da motivación, da constancia, das batallas internas e da extenuación. Conta a historia dun ciclista ao que todos chaman *Jabato*, na saída da etapa máis dura do Tour de Francia: o Alpe d'Huez. Ten máis de 36 anos e ninguén conta con el. Todo o mundo sabe que é imposible que un home tan veterano poida resistir. Pero *Jabato* é teimudo e a súa tolería chega, ás veces, a semellar sensata... Unha novela densa, para os que teñan gusto polo deporte, en especial polo ciclismo.

LISTAXE DE LIBROS RECOMENDADOS PARA O NADAL BACHARELATO



Pedro Ángel López Minarro, *Mitos y falsas creencias en la práctica deportiva*, Ed. INDE.

Este libro ofrece unha nova visión sobre conceptos básicos como o flato, as maniotas, etc., que normalmente se dan por certos pero que constitúen un erro. Beber auga con sucre para evitar as maniotas, suar para adelgazar, nadar para corrixir desviacións da columna... son algunhas das falsas crenzas e prácticas erróneas. Neste libro estúdase o porqué de cada unha delas, as súas implicacións a nivel de saúde e as correccións para realizar as cousas dunha maneira efectiva e segura. Un libro de utilidade para toda a familia.





Javier García Sánchez, *El Alpe d'Huez*, Ed. Planeta.

Esta novela é un alegato da épica humana, do sufrimento, da motivación, da constancia, das batallas internas e da extenuación. Conta a historia dun ciclista ao que todos chaman Jabato, na saída da etapa máis dura do Tour de Francia: o Alpe d'Huez. Ten máis de 36 anos e ninguén conta con el. Todo o mundo sabe que é imposible que un home tan veterano poida resistir. Pero jabato é teimudo e a súa tolería chega, ás veces, a semellar sensata... Unha novela densa para os que teñan gusto polo deporte, en especial polo ciclismo.

Denis Guedj, *El teorema del loro*, Editorial Anagrama.

Unha "historia das matemáticas" novelada.



Malva Tahan, *El hombre que calculaba*, Ed. Veron.

A través das palabras coas que o narrador relata as distintas vicisitudes nas que participa o protagonista, o lector percibe o seu talento para dominar as matemáticas. Esta sabedoría vai acompañada dunha reflexión que, por encima de todos os detalles, busca e sempre atopa unha razón ética, de xustiza, para facer desaparecer os problemas.



Almudena Grandes, *Estaciones de paso*, Tusquets.

Cinco relatos nos que a autora indaga sobre o paso da adolescencia á madurez.




Alberto Méndez, *Los girasoles ciegos*, Anagrama. Premio da Crítica de narrativa 2005. Premio Nacional de Literatura 2005.

Catro historias contadas desde a mesma linguaxe pero coas voces propias de distintos narradores que van perfilando a verdadeira protagonista desta narración: a derrota.


Teresa Moure, *Herba moura*, Ed. Xerais. Premio Xerais 2005.

Situada no século XVII, esta novela deita unha ollada crítica sobre o devir das mulleres na historia, nun fermoso canto ás paixóns: á paixón amorosa, pero tamén á paixón da amizade, á da palabra, á da maternidade, á da lectura.



B. Sykes, *La maldición de Adán*, Ed. Debate. (2º Bach-Biología)


O profesor Sykes, unha autoridade mundial no campo da xenética, parte do espectacular aumento da infertilidade masculina nas últimas décadas para formular unha pregunta: chegaremos a un mundo onde os homes non serán necesarios para completar o ciclo da reprodución da nosa especie? Serán as mulleres autosuficientes para levar a cabo o proceso da vida?



Enrique Campillo, *El mono obeso*, Ed. Crítica, Col. Drakontos.

(2º Bach-Biología)

Por que hai tantas persoas obesas? Por que é tan difícil adelgazar? Por que aumentan en todo o mundo os casos de diábetes? O coñecemento dos últimos dez millóns de anos da evolución humana é imprescindible para comprender e, polo tanto, para previr estes problemas acuciantes.



Miguel Delibes de Castro, *La naturaleza en peligro*, Ed. Destino.

(2º Bach. – Ciencias da Terra)

Esta obra trata sobre a diversidade das formas de vida no noso planeta. Cántanos cantas especies hai, onde están, como xorden, por que se extinguen, cal é a responsabilidade humana na súa desaparición, por que deberíamos conservalas, ...



Miguel Delibes; Miguel Delibes de Castro, *La tierra herida: ¿qué mundo heredarán nuestros hijos?* Ed. Destino. (2º Bach. – Ciencias da Terra)

A responsabilidade humana nos cambios ambientais aos que teremos que enfrontarnos nun futuro próximo, contada en forma de diálogo entre un cidadán preocupado, o escritor miguel Delibes, e un científico experto, o seu fillo Miguel Delibes de Castro.



Tarik Ali, *A la sombra del granado*, Edhasa.

O autor recrea a vida na cidade de Granada no século XV. O narrador é un mozo musulmán que ve transformarse o mundo que coñece como consecuencia da conquista cristiá da cidade.



Tracy Chevalier, *La joven de la perla*. Punto de lectura.

Nesta novela a autora introdúcenos na pintura de J. Vermeer, pintor holandés do século XVII.